

ANUNCIO

CORRECCIÓN DE ERRO DETECTADO NA FIXACIÓN DA DATA DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OEP-ESTABILIZACIÓN POLO PROCEDEMENTO CONCURSO-OPOSICIÓN DAS SEGUINTE PRAZAS: 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO , 2 OFICIAIS INSTALACIÓNS E 2 OFICIAIS DESINFECTOR/A.

A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, o 29.05.2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) o erro detectado no cuarto punto da parte dispositiva do Decreto de convocatoria de data 23/05/2024 (Exp. 44057/220), e consistente na errónea fixación das datas do primeiro exercicio do proceso selectivo ao que se refiren as bases da convocatoria, *debendo quedar redactado como seguidamente se indica:*

Onde di:

“Cuarto.- Lembrar aos/ás aspirantes que as probas efectuaranse en chamamento único, quedando excluídos/as os/as aspirantes que non concorran, e que o primeiro exercicio do proceso selectivo ao que se refiren as bases da convocatoria terá lugar:

- **Auxiliar Administrativo:** Aula de Formación da Policía local, sita no andar-1 do Concello de Vigo, o xoves **20/06/2024**, ás **10:00 h**.
- **Oficial Instalacións Municipais:** Aula de Formación da Policía local, sita no andar-1 do Concello de Vigo, o martes **25/06/2024**, ás **10:00 h**.
- **Oficial Desinfector/a:** Aula de Formación da Policía Local, sita no andar-1 do Concello de Vigo, o xoves **27/06/2024**, ás **10:00 h**.

Os/as aspirantes deberán comparecer provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade e bolígrafo, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas”.

-Debe dicir:

“Cuarto.- Lembrar aos/ás aspirantes que as probas efectuaranse en chamamento único, quedando excluídos/as os/as aspirantes que non concorran, e que o primeiro exercicio do proceso selectivo ao que se refiren as bases da convocatoria se fixará polo órgano de selección, ao abeiro do disposto nos puntos 8.4.1 e 9º contidos nas bases xerais da convocatoria referenciada, unha vez finalizada a fase do concurso. O comezo do primeiro exercicio da fase de oposición se anunciará con 15 días de antelación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación, onde constará día, lugar e hora das probas.

Os/as aspirantes deberán comparecer provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade e bolígrafo, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas”.

Segundo.- Manter os restantes aspectos da resolución de data 23/05/2024 (Exp. 44057/220), citado no anterior apartado Primeiro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2024 13:09	Páxina 1 de 2
240164158	CSV: A7A645-874539-E73841-FF9PZZ-67WCZS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Notificar a presente resolución aos membros do órgano de selección designados, ordenando a urxente publicación na Intranet e na web municipal para público coñecemento do persoal municipal e da representación sindical

Cuarto.- Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Vigo, data da sinatura electrónica.

MDG/ALP

O Alcalde

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023)-. María Olga Alonso Suárez

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).- Patricia Rodríguez Calviño



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2024 13:09	Páxina 2 de 2
240164158	CSV: A7A645-874539-E73841-FF9PZZ-67WCZS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		